



Expediente número: PLN/2019/18

**ACTA**

**Sesión Ordinaria 17/2019 celebrada polo  
Pleno do Concello o día 19 de decembro de 2019**

**ORDE DO DÍA**

**PARTE RESOLUTIVA**

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 16/2019 do 28/11/2019**
- 2. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VII/19**
- 3. Proposta Nomeamento Consello de Administración de Radio Redondela, SL**

**PARTE DE CONTROL**

- 4. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 39/2019.GC14/19, MC 40/2019.TC16/19 e MC 41/2019.TC17/19**
- 5. Actividades de control do pleno.**
  - 5 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**
  - 5 . 2 Mocións.**
  - 5 . 3 Rogos e preguntas.**

No Multiúsos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2019/3673 de data 16 de decembro de 2019, e sendo as vinte horas do 19 de decembro de 2019 coa presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:





**GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE REDONDELA (PP)**

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

**GRUPO MUNICIPAL PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG-PSOE)**

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

**GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)**

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ





## **GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE REDONDELA (BNG)**

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### INCIDENCIAS:

- 1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.
- 2) Faise un receso ás 21:55 horas. Retomase o Pleno ás 22:18 horas

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 16/2019 do 28/11/2019**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 16/2019 do 28/11/2019.

### INTERVENCIÓNS:

Solicita a rectificación da acta a concelleira M<sup>a</sup> Carmen Amoedo, en canto a varias erratas e respecto a súa intervención durante o debate onde expoñía a concelleira Sandra Bastos, aclarando que a Alcaldesa estaba falando co interventor.





## VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, coa modificación proposta polo PP, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

## **2. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VII/19**

### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda de data 13/12/2019, que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 11 de decembro de 2019, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente aprobando no seu caso, facturas, certificacións de obras ou documentos análogos que supoñen gastos por importe total de 47.996,21 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2019:





**NOME TERCEIRO**

**Data  
Fra.**

**NUM.  
FACTURA**

**Importe  
Fra.**

**Aplicación  
orzamentaria**





Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/11/2018	FE18137023150725	34,22 €	1641A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/12/2018	FE18137026240213	36,76 €	1641A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/01/2019	FE19137000421348	35,73 €	1641A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE1713008716426	247,93 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008643667	427,09 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008663840	421,52 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008671696	453,05 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008703406	349,42 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008707049	257,33 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008712843	375,61 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008725002	382,11 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008734291	168,23 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008798179	11,47 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008798629	78,35 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008800908	450,50 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008802677	621,26 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008806376	150,61 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008810380	111,16 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008810604	16,47 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008812302	112,66 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008814943	177,08 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008815139	184,19 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008817843	137,38 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008818270	400,20 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008819805	171,13 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008822007	147,24 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008822555	138,11 €	1651A.2210000





Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008825255	241,32 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008829212	199,65 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008834392	487,00 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008838053	243,17 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008838802	193,76 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008839854	100,09 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008840452	254,34 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008841296	259,35 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008845635	410,00 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008845642	27,95 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008845712	31,40 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008847856	321,28 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008847926	282,85 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008848149	423,42 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008849236	143,32 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008849395	120,53 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008849710	366,34 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	08/05/2017	FE17137008862495	495,47 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	08/05/2017	FE17137008862671	46,89 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2017	FE17137008863253	603,15 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2019	FE17137008962744	569,57 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2017	FE17137008965293	305,51 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2017	FE17137008967006	628,93 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2019	FE17137008969860	324,24 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2019	FE17137008975639	303,02 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2017	FE17137008985373	404,85 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2019	FE17137008994613	460,36 €	1651A.2210000





Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2019	FE17137008997213	675,46 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	10/05/2019	FE17137009099819	193,64 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/05/2017	FE17137009183818	254,68 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/05/2017	FE17137009204893	27,09 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/05/2017	FE17137009215057	64,43 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/05/2017	FE17137009215603	324,23 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	15/05/2017	FE17137009337982	762,69 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	16/05/2017	FE17137009456581	313,70 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2017	FE17137009466441	321,32 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/05/2017	FE17137009641034	33,54 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/05/2017	FE17137009675979	533,68 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	21/05/2017	FE17137009871008	14,05 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	21/05/2017	FE17137009879682	537,59 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	23/05/2017	FE17137010002758	457,60 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	23/05/2017	FE17137010008171	313,84 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	23/05/2017	FE17137010012709	466,12 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	24/05/2017	FE17137010065817	323,00 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	25/05/2017	FE17137010224187	15,19 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/05/2017	FE17137010432295	207,96 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/10/2019	FE18137021566479	98,59 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/10/2018	FE18137021558981	12,08 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/10/2018	FE18137021567278	406,18 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/10/2018	FE18137021613691	13,26 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	21/10/2018	FE18137021816908	34,53 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	21/10/2018	FE18137021938585	306,70 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	21/10/2019	FE18137021878586	337,59 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	22/10/2018	FE18137022087967	1.151,58 €	1651A.2210000







Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	23/10/2018	FE18137022097834	480,26 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/10/2018	FE18137022412100	396,14 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/10/2018	FE18137022463427	146,65 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/10/2018	FE18137022470160	23,33 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/10/2018	FE18137022534703	187,02 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/10/2018	FE18137022546153	265,82 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/11/2018	FE18137023163412	309,25 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	02/12/2018	FE18137025173768	533,85 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/12/2018	FE18137026010738	108,48 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	20/01/2019	FE19137001574830	322,45 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	06/02/2019	FE19137003214315	92,49 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	24/03/2019	FE19137007853200	137,41 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/04/2019	FE19137008894306	597,36 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/04/2019	FE19137009149491	1.644,14 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	03/05/2018	FE18137008937017	119,04 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	06/05/2018	FE18137009108666	133,41 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	16/05/2018	FE18137009881646	284,14 €	1651A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/11/2018	FE18137022863373	244,35 €	2311A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	16/12/2018	FE18137026664480	357,71 €	2311A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/05/2017	FE17137008689812	132,37 €	2411A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	04/12/2018	FE18137025419439	206,38 €	2411A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	03/01/2019	FE19137000200832	366,13 €	2411A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	24/03/2019	FE19137007824850	143,35 €	2411A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	16/05/2017	FE17137006467797	32,62 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008804928	734,97 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137008825295	243,32 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2017	FE17137008985798	168,29 €	3231A.2210000





Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	15/05/2017	FE17137009355802	37,12 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/05/2017	FE17137009376096	42,85 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	16/05/2017	FE17137009448476	206,09 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	21/05/2017	FE17137009920150	490,39 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/10/2018	FE18137021600476	522,65 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/10/2018	FE18137022397236	316,06 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	07/11/2018	FE18137022871587	423,77 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/11/2018	FE18137023165498	32,77 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	12/11/2018	FE18137023472987	25,35 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	14/11/2018	FE18137023640316	97,57 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	15/11/2018	FE18137023774768	247,67 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	27/11/2018	FE18137024821333	959,47 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/11/2018	FE18137024875417	513,92 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	02/12/2018	FE18137025165498	439,64 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	06/12/2018	FE18137025605219	35,44 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/12/2018	FE18137025962421	78,44 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/12/2018	FE18137025983467	273,56 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/12/2018	FE18137026008768	43,68 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	13/12/2018	FE18137026452692	571,99 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	13/12/2018	FE18137026466957	162,20 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	13/12/2018	FE18137026468875	646,94 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	17/12/2018	FE18137026928959	366,71 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	23/12/2018	FE18137027561618	912,10 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	25/12/2018	FE18137027839161	318,91 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	26/12/2018	FE18137028092289	22,39 €	3231A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	13/01/2019	FE19137000950804	578,82 €	3231A.2210000
IES PEDRO FLORIANI		Anualidade 2018	2.100,00 €	3231A.2210000





Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	09/05/2017	FE17137008986028	467,10 €	3261A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	28/11/2018	FE18137024875455	630,39 €	3261A.2210000
			1.279,07	
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	24/12/2018	FE18137027791048	€	3261A.2210000
			1.199,35	
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	30/01/2019	FE19137002720657	€	3261A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/11/2018	FE18137023134205	686,57 €	4312A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	16/12/2018	FE18137026670697	709,77 €	4312A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	13/01/2019	FE19137000947421	698,96 €	4312A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	25/05/2017	FE17137010198871	145,87 €	4312B.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	18/10/2018	FE18137021578666	220,00 €	4312B.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	25/11/2018	FE18137024507650	239,74 €	4312B.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	23/12/2018	FE18137027515097	66,54 €	4312B.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/05/2019	FE17137009215590	101,88 €	9221A.2210000
Comercializadora regulada GAS&POWER, S.A.	11/11/2018	FE18137023166977	128,85 €	9221A.2210000

”

## INTERVENCIÓNS:

A Sra. Castro lee a proposta. Trátase exclusivamente de gastos de subministro eléctrico e pide ao Pleno a súa aprobación.

O Sr. González, di que son arredor de 130 facturas, algunhas delas son do ano 2017 e unhas 50 son do ano 2018. Non queda máis remedio que aboar pero hai certa indefensión por parte do Concello porque se non paga poden acabar no xulgado. O BNG vai pensar en próximas ocasións en non apoiar outras iniciativas deste tipo porque estas grandes empresas fan o que lle da a gana coas Administracións Públicas.

A Sra. Couñago, son gastos de anos anteriores e que non se debe ao Concello senón é que a empresa presenta tarde as facturas.

A Sra. Amoedo, expón que tamén vai a anualidade do IES Florianí. Son facturas que hai que pagar e consultados os servizos económicos do Concello di que houbo que revisalas para clarificalas, e comprobar que non estaban duplicadas e que van a apoiar esta proposta.





A Sra. Castro aclara que o tema do IES é tamén por enerxía.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

### **3. Proposta Nomeamento Consello de Administración de Radio Redondela, SL**

#### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Participación Cidadá, Novas Tecnoloxías e Transparencia de data 16/12/2019, que di:

“Visto o artigo 10 dos Estatutos de Radio Redondela, SL que di:

*A Corporación, en funcións de Xunta Xeral da sociedade, terá as facultades de deliberar e acordar sobre os seguintes asuntos:*

(...)

*b) O nomeamento e separación dos/as administradores/as, dos/as liquidadores/as e, no seu caso, doas/as auditores/as de contas, así como o exercicio da acción social e responsabilidade contra calquera deles.*

Visto o artigo 13 do devandito Regulamento, que di:

*O órgano de dirección, xestión e execución permanente da Sociedade será o Concello de Administración, composto por nove concelleiros/as vogais, dos que non máis de tres serán concelleiros/as, presididos polo/a Alcalde/sa-Presidente/a do Concello ou persoa en quen delegue. O Consello poderá nomear un/unha Vicepresidente/a, designación que deberá recaer necesariamente nun/ha Concelleiro/a que compoña o mesmo. A Secretaría do Consello será desempeñada pola persoa membro do mesmo designada para tal*





*efecto, que deberá ser en todo caso funcionario público.*

Tendo en conta os escritos dos grupos políticos municipais, esta alcaldía propón:

Primeiro.- Nomear como Presidenta da Sociedade Radio Redondela SL a Alcaldesa Digna Rosa Rivas Gómez.

Segundo.- Nomear como concelleiros/as vogais a:

En representación do GPM Partido Popular

- María Carmen Amoedo Dasilva, concelleira, con DNI 76.994.364R
- Fernando Casas Gómez, con DNI 36.052.196H
- Jose Alberto Pazos Couñago, con DNI 76.989.815Y
- Susana Cabaleiro Figueroa, con DNI 76.992.634L

En representación do GPM Partido Socialista

- María Castro Abad, concelleira, con DNI 77.005.633T
- Olga Rodríguez Puga, con DNI 76.991.074T
- Ana Isabel Rey Gómez, con DNI 78.547.652F

En representación do GPM Agrupación de Electores 2019

- Susana Couñago Andrés, concelleira, con DNI 77.002.545V

En representación do GPM Bloque Nacionalista Galego





- Xabier Balsas Barbeira, con DNI 79.313.072X”

## INTERVENCIONS:

O Sr. Cabaleiro, di que este asunto xa foi á Comisión e lee os membros que foron nomeados na representación de cada partido e os concelleiros.

O Sr. González, explica que como se falou na comisión se fixo esta proposta e maioritariamente para o BNG non hai problema pero visto o listado do PP hai unha persoa que non vamos a apoiar, cun papel moi relevante no anterior goberno, que se xacta de ter secuestrado o Facebook do Concello e por iso se van a abster.

A Sra. Couñago, di que coinciden co manifestado co BNG, pero van a votar a favor porque hai uns estatutos no que se di que os partidos son libres para propoñer á persoa que queiran, elo non quita que o PP non teña que actuar cunha responsabilidade, e dubidan sobre a obxectividade desta persoa. Lle parece unha falta de responsabilidade total e absoluta, a persoa é Susana Cabaleiro. Demostrou que non é obxectiva nin imparcial para traballar nunha administración pública. O Facebook do Concello é do Concello, nun momento houbo que designar a unha persoa física para dar de alta o Facebook. Non era obxectiva á hora das publicacións. A radio municipal é un ente público que non está ao servizo dun partido senón dos veciños.

A Sra. Alcaldesa aclara que a sra. Couñago está xustificando o seu voto e a súa argumentación.

A Sra. Amoedo di que a sra. Couñago o que está é descalificando. AER é prolongación do PSOE. Están equivocados, ningún funcionario quixo ser designado, e que o Facebook era completamente obxectivo.

Pregunta quen leva o Facebook de cultura e di que non é un funcionario. Acusar unha persoa mentres está facendo o seu traballo di moito da esquerda de Redondela. Cando non lles gusta unha persoa a critican a nivel profesional. Estamos dentro do dereito que nos corresponde. Pregunta cantas veces utilizou a conta de Facebook do Concello de Redondela dende que está o novo goberno. O tema é que non son quen de solucionar o problema e non teñen imaxinación para crear outra páxina.

Cada un pode propoñer a quen queira e vostedes o teñen que respectar. Susana Cabaleiro é unha persoa que traballou moito para este Concello.

O Sr. Cabaleiro, di que hai un feito real que é a eliminación do Facebook do Concello, é unha sinvergüencería política, a parte de que poida haber algunha





responsabilidade penal. Por parte de novas tecnoloxías están intentando recuperar a información. Que son funcionarios os que o están levando agora, da policía, normalización lingüística,... É unha ousadía e un atrevemento que vostedes propoñan a esta persoa.

O Sr. González expón que no consello de administración hai representatividades política, aínda que o resultado si ten que ser obxectivo e para eso están a directora e as xornalistas. Pero hai un feito incontestable, que a parte de facer un uso partidista do Facebook, esta persoa a mala fe se quedou co Facebook do Concello e iso non o vamos a apoiar. Faríamos presión votando todos en contra e bloqueando o Consello de Administración.

A Sra. Couñago di que hai un informe técnico no que se expón que a decisión de levar o Facebook do Concello foi unha decisión exclusivamente política, do Alcalde e que non se deu outra posibilidade. O traballo que se faga no concello é de toda a veciñanza, é algo público de todo o Concello.

A Sra. Amoedo, irresponsabilidade, sinvergüencería, son palabras moi feas, de esta esquerda non me espero outra cousa. No Facebook do Concello, as fotos as facía ela cunha cámara non era do Concello. En seis meses non foron quen de crear unha nova páxina. Era un traballo feito dende o gabinete do Alcalde para o Alcalde. Queren recuperar unha información que é tendenciosa, partidista, para que o queren? Fotos e datos que non son de vostedes.

Recorda que cando chegaron ao goberno estaban os ordenadores formateados.

O Sr. Cabaleiro, pregunta ¿as fotos de quen son?, ¿traballaba para o equipo de goberno?. Hai fotos que son institucionais. Ordenadores formateados. Non me faga poñer trapos sucios, temos moito de que falar cando chegamos nós. Teñen unha forma digna de solucionar isto, falando con Susana. Non poden confiar nunha persoa fixo esta atrocidade borrando esa información. E pide ao PP que reflexione sobre a figura de Susana

A Sra. Alcadesa pide silencio da bancada do PP.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 19 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER) e 02 abstencións do BNG.

**4. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 39/2019.GC14/19, MC 40/2019.TC16/19 e MC 41/2019.TC17/19**





Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 39/2019.GC14/19 mediante a xeración de crédito por importe de 170.577,59 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 28/11/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 40/2019.TC16/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 12.660,98 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 28/11/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 41/2019.TC17/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 96.153,80 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 29/11/2019

O Pleno do concello quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionado.

## **5. Actividades de control do pleno.**

### **5 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

### **5 . 2 Mocións.**

#### **5.2.1 Moción do PP sobre a Humanización no tramo EP 2906**

##### **ANTECEDENTES:**

Moción do PP sobre a humanización no tramo EP 2906, con entrada no Concello o día 12.12.2019 con número 2019-E-RE-3.096 que se transcribe a continuación:

“A Deputación de Pontevedra e o Concello de Redondela asinaron en 2014 un convenio para acometer as obras de humanización da estrada EP-2906, máis coñecida como Estrada do Galleiro. Esta actuación beneficiou a moitos veciños







de Vilar de Infesta xa que permitiu ensanchar un tramo importante da estrada e construír beirarrúas nunha vía que presentou durante moitos anos grandes deficiencias en seguridade a pesar de que soportaba un tráfico intenso.

Unha vez rematado este proxecto, houbo o compromiso claro dos dous gobernos anteriores, tanto do ex presidente provincial, como do deputado de mobilidade ,no mandato anterior, xa con este Bipartito, para dar continuidade ao proxecto no tramo pendente, ata a rotonda de Santiaguíño.

En marzo de 2016 o pleno do Concello de Redondela aproba unha moción do PP que instaba á Deputación a que iniciase os trámites para elaborar o proxecto para concluír as obras de humanización da EP-2906, ao seu paso por Vilar de Infesta, e que se consignase o orzamento para que as obras se iniciasen nese mesmo ano.

En novembro dese mesmo ano 2016, o anterior deputado de Mobilidade Uxío Benítez considerou esta mellora como unha petición veciñal moi razoable e prioritaria nas actuacións da Deputación para Redondela durante unha reunión de traballo co anterior alcalde.

E desde ese momento, supostamente a institución provincial encargou un novo proxecto para acometer a humanización no tramo que quedou pendente pero a día de hoxe, so sabemos que foi entregado os veciños, despois de meses, un borrador para que o revisen . Todo isto a pesar de que este grupo o solicitou de xeito reiterado. Polo tanto, descoñécese que actuacións van contemplar, si vai dar resposta a todo o tramo pendente e moito menos, o seu orzamento. Desde o grupo PP entendemos que a obra debería acometerse nos mesmos aspectos que se incluíron no primeiro tramo, coa creación de beirarrúas, alumeado público e medidas para reducir a velocidade e mellorar a seguridade vial. Ademais, insistimos en que esta obra xa non pode esperar máis, non debemos de esquecer que é unha zona rural onde a poboación vive moi dispersa que se se despraza con frecuencia a pé, pero tamén pasan por ela cada ano milleiros de peregrinos xa que forma parte do Camiño Portugués. Polo tanto, hai un perigo real que está esperando unha solución da Deputación desde o ano 2016.

Por todo isto, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar a que a Deputación de Pontevedra execute en 2020 a humanización do tramo pendente da EP-2906, coñecida como Estrada do Galleiro, en Redondela para dar resposta aos problemas de seguridade vial que hai nesta zona.”

INTERVENCiónS:





A Sra. Amoedo, lee a moción. Di que pediu o acceso ao expediente fai 17 días e aínda non o teñen. Xa está ben que esta Deputación de Carmela Silva siga ninguneando aos veciños de Vilar, que non teñamos por parte da Deputación un proxecto claro.

O Sr. González, di que espera que aclare no segundo turno o que falou porque non ten nada que ver co expositivo da moción que presentou. O único que fai é electoralismo e di que había un proxecto para facer a obra completa, e o PP caciqueou con eses cartos ofrecendo muros. Se lle deu o apoio no Pleno para facer a obra completa, pero o PP malversou os cartos. Había un anteprojecto e proxecto e a voceira do PP o coñece. Recorda que o deputado de mobilidade tivo algún acto público no Concello e o Alcalde non quixo ir. Que en Vilar os coches corren como queren, e os lombos se puxeron pola presión da asociación de veciños. Estamos a favor de que a obra se remate pero xa tiña que estar fai cinco anos, pero vostedes preferiron comprar votos a cambio de facer regalos. Parece un insulto aos veciños/as que traía esta moción. Pídelle que ensine as súas iniciativas na Deputación respecto a esta obra.

O Sr. Boullosa, di que hai unha exposición de valados dos veciños é ese tramo. Que as presas non son boas conselleiras, e que o equipo de goberno reuniuse cos veciños. Pregunta qué base técnica ten para dicir que o proxecto non ten sentido. Que o proxecto ten unha beirarrúa de 2,5 metros de ancho.

A Sra. García lle propón a retirada da moción, porque saben que hai un proxecto.

A Sra. Amoedo di que non.

A Sra. García, manifesta que casualidade que dous días despois de poñer unha data para reunirmos cos veciños de Vilar para que dean a súa opinión sobre o proxecto presentado pola Deputación vostedes deciden presentar unha moción tanto no Concello como na Deputación soamente para tentar enganar os veciños e colocarse vostedes os galóns cando se faga a humanización.

Señores e señoras do Partido Popular que teñen que deixarnos traballar en lugar de torpedear as reunións que temos cos veciños. Xa que o único que queren con esta moción e xerar ruído e enganar os veciños e veciñas de Redondela pretendendo que crean que grazas as vosas xestións esa obra porase en marcha.

E digo enganar con letras maiúsculas porque vostedes mellor que ninguén saben perfectamente que esta actuación está en marcha e estamos inmersos no proceso administrativo que permita a contratación e a execución no ano 2020.





Enganar porque saben que esta vía será en breve unha realidade xa que antes de que se celebrasen as eleccións municipais gobernando vostedes mantívese unha reunión co ex alcalde e o seu concelleiro de obras onde incluso se estudaron e analizaron cuestións do proxecto.

Enganar porque saben que só falta a firma do convenio por parte das dúas administracións para iniciar os trámites de licitación dos traballos.

Vostedes saben perfectamente que esa obra licitarase no ano 2020 e o mais importante converteremos a zona nun espazo amable cunha senda peonil con ancho suficiente para que circulen por elas todas as persoas incluídas as de mobilidade reducida.

- con senda peonil de 2,50 metros
- con cunetas de seguridade
- con novo sistema de alumeadado

E o máis vergonzoso é que soliciten que a obra debe cometerse nos mesmos aspectos que se incluíron no primeiro tramo, coa creación de beirarrúas, alumeadado público e medidas para reducir a velocidade e mellorar a seguridade viaria, cando o seu ex alcalde recoñeceu no seu momento que o feito no anterior executivo sendo o Partido Popular o que gobernaba na Deputación e puntualizo as súas declaracións:

- os farois non se cambiaron
- as cunetas teñen que taparse para garantir a seguridade peonil
- había un muro sen demoler
- había zonas sen acabar

Pensen as cousas antes de dicilas.

A Sra. Amoedo, di que enganar enganar vos. Dizer que dende o 2016 e a piques de acabar 2019 a deputación o que fixo foi marear un proxecto. Lle pide a Alcaldesa que retire o que dixeron os comentarios de comprar votos e malversar cartos públicos, comentarios do Sr. Boullosa e o Sr. González; pide deixar constancia na acta é se se ten que denunciar se fará.

Cando cheguei a Deputación pedín o proxecto e o Secretario contestou que primeiro o tiña que ver a Alcaldesa que o tiña, e ver si había algo que modificar e despois xa o podía ver. Non hai un metro de carril bici. Sen embargo a Deputación asina convenios directos con Abel Caballero, por importe de 5.8 millóns para carril bici, e ningún para Redondela. As obras non chegan aos pobos pequenos e medianos, solo chegan a Abel Caballero que vai a asfaltar 37 rúas.

O Sr. González, expón que foi unha pena que non actuara a fiscalía cando denunciaron publicamente esa malversación. Que o proxecto estaba ata o final,





pasando o campo de fútbol. Que houbo que facer un proxecto de 6.000 euros para derrubar un valado. É evidente que se vai facer a obra por iso tiveron tanta presa.

O Sr. Boullosa, fala de renovación por completo a accesibilidade do Concello, e dos bancos da rúa Riveira.

A Sra. García, di que tres dos catro partidos políticos saben da obra cunha inversión de 400.000 euros.

A Sra. Amoedo, pon de manifesto a maneira de defender a obra pola Sra. García, sen facer referencia aos prazos en que se vai executar a obra, a partida orzamentaria... Que no segundo turno do Sr. Boullosa nin a Sra. García, non dan nin un dato. Que solo hai beirarrúas por un lado, non hai no entorno do campo de fútbol co gran tránsito de rapaces. E que foi a Sra. Rivas a que decidiu que se puxeran bancos co remanente do plan concellos.

A Sra. Alcaldesa di que os veciños saben que está o proxecto e o convenio. Que se está vendo cos técnicos e se vai facer con eles unha reunión para explicar.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, rexeitouse, por maioría dos concelleiros presentes sendo 09 votos a favor do PP e 12 votos en contra (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)

#### **5.2.2 Moción de AER e BNG relativa ao Rexeitamento dos Plans da Autoridade Portuaria de Aterrados na Ría de Vigo.**

#### ANTECEDENTES:

Moción de AER e do BNG asumida da Plataforma en Defensa da Ría de Vigo relativa ao Rexeitamento dos Plans da Autoridade Portuaria de Aterrados na Ría de Vigo, con entrada no Concello o día 03.12.2019 con número 2019-E-RE-2.959 que se transcribe a continuación:

“A Autoridade Portuaria de Vigo está elaborando os documentos nos que se deseñan novos aterrados na ría de Vigo coa excusa da necesidade de acadar máis superficie para desenvolver a actividade portuaria, obras estas que





afectarían negativamente aos sectores do mar (pesca artesanal, marisqueo, mexilloeiros, etc), turismo e á calidade ambiental da ría e os seus habitantes.

Os terreos gañados ó mar na liña costeira do concello de Vigo, ata o momento, equivalen a 3.200.000 m<sup>2</sup> dos que somentes unha parte está dedicada a usos portuarios, estando o resto integrados na trama urbana da cidade ó ser vendidos para a construción de edificacións privadas ou espazos públicos.

Para que o porto de Vigo sega sendo competitivo e poida mellorar a súa actividade non é preciso seguir ocupando a lámina de auga con novos recheos, máis ben compre poñer en funcionamento o porto seco de Salvaterra-As Neves cunha liña de ferrocarril que axilice o tránsito de mercadorías entre ambas plataformas portuarias, que potencie o desenvolvemento industrial da provincia de Pontevedra conectando os demais polígonos do interior e modernizando a liña que nos conecta con Ourense polo Miño.

A proposta de aterramento por parte da autoridade portuaria de Vigo de 65.000 m<sup>2</sup> en Bouzas e outro no Areal de 50.000 m<sup>2</sup> é a máis perxudicial e depredadora que se poida adoptar cando do que se trata é de explotar os recursos naturais de forma racional e sostible. Este modelo de enxeñería pensabamos que estaba desbotada xa que se utilizaron recentemente para a ampliación do porto outras solucións menos agresivas, como a do peirao do Areal por medio de pilotes que non obstaculizan a dinámica das correntes mariñas. Lamentablemente os actuais responsables da Autoridade Portuaria de Vigo non mostran o respecto nin o interese debido na protección dun medio tan singular como é a ría de Vigo que debería de ser un modelo de conservación e potenciación dos recursos mariños e da economía que deles se deriva dada a súa excelencia. No historial do porto de Vigo quedou constancia de que cada ampliación sobre a lámina de auga favorece a liberación dos terrenos gañados anteriormente para ser destinados a usos que non corresponden á actividade portuaria. Non é lícito o uso da forza institucional para o logro de rendabilidades curtopracistas que hipotecan o futuro de vindeiras xeracións.

A nosa organización PDRV "CIES" non se opón ao progreso sostible do porto pero sí a calquera recheo sobre a ría de Vigo e o seu ámbito litoral. Antes de optar por ampliar a superficie portuaria é preciso optimizala eliminando actividades impropias ya que se ten convertido nun polígono industrial ó mesmo tempo que almacén, restaurante, oficina, sala de exposicións...etc, actividades que se poden desenvolver en cualqueira superficie acondicionada lonxe do borde litoral. Por causa desta práctica depredadora teñense perdido os mellores bancos marisqueiros e de pesca causando a perda de miles de postos de traballo e un dano irreversible á natureza.

Denunciamos publicamente a actitude da Autoridade Portuaria que agrede a ría, desoe as propostas cidadás, priva ás xentes que viven do mar, do turismo, a restauración e destrúe o valor da natureza. Un puerto debe de acoller





únicamente as actividades que necesiten utilizar a lámina de auga tales comola carga e descarga de mercadorías, pasaxeiros, construción naval e lonxas fundamentalmente.

Por todo o exposto e sendo unha entidade con interese lexítimo, nas actuacións que nos ocupan, dado que o noso ámbito de actuación de acordo aos estatuto abrangue todo o territorio da Ría de Vigo e as bacías que verten nela

## SOLICITA

Do Pleno desa corporación municipal que se adopten os seguintes acordos:  
Demandar da Autoridade Portuaria de Vigo

1.- A anulación dos aterramentos anunciados publicamente (65.000 m<sup>2</sup> en Bouzas e 50.000 m<sup>2</sup> no Areal), na zona de Rande, (Duches – Regasenta), ou calquera outro no ámbito litotal da ría de Vigo.

2.- Sexa posto en funcionamento o porto seco de Salvaterra-As Neves cunha liña de ferrocarril que axilice o tránsito de mercadorías entre ambas plataformas portuarias que potencie o desenvolvemento industrial da provincia de Pontevedra e conecte os demais polígonos do interior modernizando a liña que nos conecta con Ourense polo Miño.

3.- Se proceda á optimización das superficies da plataforma eliminando actividades impropias do porto desprazandoas aos polígonos ou ámbitos apropiados fóra do recinto portuario.

4.- Que os membros da corporación municipal con representación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo demanden o cumprimento dos acordos plenarios aprobados.

5.- Dar traslado deste acordo á Autoridade Portuaria de Vigo, Ministerio de Transición Ecolóxica, Ministerio de Fomento, Congreso dos Deputados, Parlamento e Goberno de Galicia.”

Se sitúan polo Sr. Villar e o Sr. Boullosa no centro do salón de plenos mostras de refugallo procedentes dos recheos da ría, recollidos das mans de voluntarios.

## INTERVENCiónS:

O Sr. Villar, expón que se trata dunha moción presentada polo presidente da plataforma pola defensa da ría. Lee a moción.





O Sr. González, explica que xurde da iniciativa dunha entidade veciñal, de xente preocupada por a calidade das augas da ría. Que a liña histórica da Autoridade Portuaria, é a de gañar terreo ao mar para instalar empresas coa actividade mariñeira, pero na última década, permitindo ademáis outro tipo de empresas, no concello de Redondela, e a proposta da Autoridade Portuaria se vai a adiante o proxecto para o almacén de contedores, serían 200.000 m2 máis, e iso sería terrible para a Ensenada. O presidente é do PP, foi conselleiro é militante, sempre di que estes colectivos son radicais, e tal como se ve na moción son dialogantes nos seus termos, pero non hai capacidade de falar con este home, por iso tamén son importantes as vindeiras eleccións de Galicia para a substitución do presidente da Autoridade Portuaria. Que o Concello de Vigo non aceptou esta moción, e o presidente actuou con desdén coa Alcaldesa impedindo a súa participación no Consello.

O Sr. Cabaleiro, fai referencia a que a lei de costas nun breve parágrafo recolle o sentido desta moción, e que debese poder acceder sempre ao borde da costa de forma libre.

Que o que pretende a Autoridade Portuaria no entorno da ría, seríamos un dos máis prexudicados ao ser o final da ría, seremos responsables dunha actuación catastrófica que se fixo no entorno da nosa ría. Os aterrados abismais que se fixeron en Bouzas se puxeron evitar no seu día, porque era un cordón de praia e se fixeron verdadeiras atrocidades. Naquel momento non se falaba do porto seco, pero agora se poden aproveitar esa cantidade de metros para instalar industrias. Pero é necesario dotar de medios de transporte. As industrias que absorberon o litoral solo pensaban na parte económica non na parte ecolóxica. Esperemos non encontrar a López Veiga na próxima lexislatura.

A Sra. Amoedo, di que ademais do depredador López Veiga tamén tivemos o depredador Abel Caballero e que espera que continúe Alberto Núñez Feijoo porque é o único que pode salvar da desastre de Madrid.

Está de acordo coa moción, pero creen que os recheos de Bouzas modificaron as correntes, pero tamén hai que ter en conta que se queremos ter un tecido non é mala solución o porto seco. Non están a favor dos recheos, non van a facer o que vostedes fan aplaudindo coas orellas ao sr. Caballero, manterán a mesma postura estando no goberno e na oposición. Temos que seguir fomentando a conservación da cría do choco, o marisqueo....

O Sr. Villar, expón que estamos falando da ría de Vigo pero é un conxunto de poboacións as afectadas. Hai varios demos con cornos en Vigo que nos están prexudicando. Espera que este Concello se acostume a traer mocións propias. Se leva moito tempo avisando, que o mar sube de nivel, nun periódico de gran tirada, a inmobiliaria do Porto de Vigo, ofrecendo oficinas no ámbito do porto. No





2008, auxilio, socorro que ven Corina Porro. Abel Caballero tamén fixeron desastres que non teñen remedio. Hai que buscar outro sistema de acumulación das mercadorías no porto de Vigo. Seguimos fomentando inmobiliarias. Se seguen facendo barbaridades na ría de Vigo no século XXI.

O Sr. González, di que é certo que a sociedade civil se ten que mobilizar. O BNG ten presentado distintas iniciativas como, unha alegación ao plan estratéxico do porto de Vigo, unha alegación á proposta dunha empresa en Trasmañó e que quere facer unha ampliación, iso é o que temos que facer as forzas políticas. ¿Que fixo o goberno de Javier Bas? Calar, respecto a explanada de Duchess, onde están as alegacións aos accesos, o PP daquela non fixo nada, se aproveitou do traballo da plataforma.

Apostamos por recuperar terreos á lámina de auga. Esa vai seguir sendo a nosa loita.

O Sr. Cabaleiro, manifesta que sendo o PP coñecedor dos accesos, o estrago que podería supoñer, teñen ao PSOE para ir da man en contra desta actuación. Fai referencia a que o presidente da Autoridade Portuaria non permitiu votar a nosa alcaldesa nunha actitude caciquil. Javier Bas manifestou que o asunto de Duchess estaba parado, estivo mudo nas reunións da Autoridade Portuaria, non se coñecen manifestacións nas actas. Dixeronlle a Alcaldesa que era a primeira vez cun mandatario de Redondela falaba de ese tema. Levou un rogo polo asunto do cargadeiro, entende que é necesario poñer en valor o patrimonio industrial, e que sexa para o disfrute no futuro dun espazo emblemático.

A Sra. Amoedo, refire que os cidadáns saben perfectamente a oposición do goberno popular a calquera movemento no entorno de Duchess. En canto a participación da Sra. Alcaldesa consello da Autoridade Portuaria manifesta que non se presentou ben a documentación.

A Sra. Alcaldesa interrompe para dicir que non lle falte o respecto aos funcionarios deste concello, que o fixeron en tempo de forma.

A Sra. Amoedo, responde a Sra. Alcaldesa que é raro o pleno que non interrompe.

Que foron neste tema da man da plataforma da defensa da Ensenada. Quere ver como vai a ser a postura entre o Sr. Cabaleiro e a Sra. Rivas, o sr. Cabaleiro quere recheos e a Sra. Rivas non quere recheos.

O Sr. Villar, ensina o que ten na man que é un pedazo de uralita, ven dunha obra e está nos recheos da ría de Vigo. A Autoridade Portuaria de Vigo, foi destrutiva, gobernara quen gobernara. Isto o recolleu o bisneto de que o tirou, é unha realidade que hai no noso mar, desastres medioambientais que se queren seguir facendo creando inmobiliarias públicas.







## VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Receso ás 21:55 horas. Retomase o Pleno ás 22:18 horas

### **5.2.3 Moción do BNG a prol das Medidas para Deter a Emigración.**

#### ANTECEDENTES:

Moción do BNG, a prol das Medidas para Deter a Emigración, con entrada no Concello o día 12.12.2019 con número 2019-E-RE-3.100 que se transcribe a continuación:

“No poema *Pra a Habana!*, a nosa poeta, *Rosalía de Castro*, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

Cento cincuenta e seis anos despois da publicación de *Cantares Gallegos* este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do *Instituto Galego de Estatística*, nos últimos 10 anos (2008-2017 –últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.





A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu *Pra a Habana!* a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o exposto o Pleno da Corporación de Redondela, adopta os seguintes

#### ACORDOS:

1. Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

2. Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.





- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

3. O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.”

#### INTERVENCIÓNS:

A Sra. García, expón que se trata dunha iniciativa de dereitos nacionais de Galicia apoiada por 60 colectivos. Lee a moción.

O Sr. Boullosa se refire a unha noticia do ano 2012, “Co diploma na man e a maleta na outra” Os mozos máis brillantes de Galicia recibiron onte os premios Fin de Carreira e marcharonse coa maleta a costas, agasallo da Xunta. Será unha indirecta?, se preguntaba

O Sr. Cabaleiro, di que é unha moción ben traída aquí, comparten o espírito desta moción como dicía una compañeira do BNG. Como somos partido de ámbito estatal queremos ir un pouco máis alá. Mais de 335.000 galegos viven no exterior. Arxentina nos acolleu a finais do 19, escapando da fame, da crise da guerra civil, aquelas condicións de emigración son ben distintas agora, mudou a ser hoxe de rapaces ben preparados academicamente e teñen que marchar fora porque non teñen posibilidades, formados nunha ensinanza pública e gratuíta. Hai galegos en postos moi relevantes fora, eso tamén é emigración. Hai tamén que pensar na exportación de cerebros que está sucedendo. Dende o PSOE consideramos que as políticas do PP son pura retórica. Non queremos vivir de caridade senón de dereitos, dos nosos fillos de ter na súa terra progreso, que se rendibilice a súa capacidade persoal. Que se fagan políticas para darlle cabida laboral.

En países desenvolvidos de Europa miman a estas persoas, tamén a man de obra cualificada, para iso debemos apoiar a formación profesional.

A Sra. Amoedo, á sra. García lle di que a moción non hai por onde collela, é unha moción da Sra. Pontón que mandou sacar describindo unha Galicia, gris en branco e negro, escura, tenebrosa. Que hoxe estamos nun mundo globalizado que traen formas de mobilización diferentes, e que nin os datos demográficos actualizados se molestan en introducir. Entre 2008 e 2017, o saldo migratorio é positivo segundo o INE, Galicia recibiu máis xente da que saíu. No último ano tamén positivo en máis de 13.000 persoas. A realidade é outra, reducíndose o número de migrantes.





A Sra. García, di que parece que o PP vive noutro país. Negando que exista un problema demográfico e de inmigración, é sorprendente que o diga Feijoo e non o diga vostede.

Todos sabemos que a emigración afecta principalmente a xuventude e as mulleres.

É unha moción de plataforma Vía Galega que defende os dereitos nacionais da Galiza. Ao voceiro do PSOE que falamos de localismo é o que nos interesa, dunha sociedade oprimida do século XIX, e que seguimos estando oprimidos, que damos datos grises, é que así son dende o 2009 que está Feijoo.

Cal é a solución de Feijoo ao sector naval, se temos traballos de calidade non emigraremos. Non sei que universidades coñece vostede porque investimentos en investigación, e doutorado non hai.

O Sr. Boullosa, expón que os datos que da a Sra. Amoedo son compatibles perfectamente cos da Sra. García, lle di que non xogue cos datos. Claro que creceu a poboación de Galicia pero descendeu un 10% respecto as cifras nacionais.

O Sr. Cabaleiro, fala das novas formas da económicas nas que os xoves traballan de forma fraudulenta, como falsos autónomos, cando o que debe ser e que se integren no mercado laboral con garantías de futuro, hai que ter un plan de retorno para facilitarlle aos españois que estean fora volvan ao noso país. Políticas proactivas e fiscalizar as empresas que non cumpren. O PSOE vai loitar por unha reforma laboral nova.

A Sra. Amoedo, explica a resolución de 11 de febreiro de 2011, da secretaria de emigración, oferta aos galegos residentes no estranxeiro una especialidade de máster para que se poidan especializar e quedarse en Galicia. Hai bastante diferenza de políticas dende que está Feijoo, non como Andalucía cos ERES que se lles roubou os cartos para os parados. Se fan políticas transversais e non se impulsan pancartas e fotocall como a Deputación de Pontevedra. Feijoo sigue traballando.

A Sra. García, manifesta que cando un xove sae da universidade pode traballar gratis como bolseiro ou cunha ETT, en situación de precariedade laboral e non pode ter unha vida normalizada. Que o PP non ten autoridade ningunha para falar de feminismo mentres se asocian con partidos que negan a violencia machista. A ver si desta vez vai a reforma laboral. Se refire á Sra. Amoedo dicindo que xa que fala tanto de fotocall, estratexia retorna é unha copia barata dunha proposta de Ana Pontón do 2016.





## VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 votos en contra do PP.

### **5.2.4 Moción do PP relativa á Transparencia.**

#### ANTECEDENTES:

Moción do PP, relativa á Transparencia, con entrada no Concello o día 12.12.2019 con número 2019-E-RE-3.099 que se transcribe a continuación:

“O Concello de Redondela era lider en transparencia de Galicia e septimos de España cando o Partido Popular deixou o goberno en Xuño deste ano. Transcurridos 6 meses podemos comprobar no portal de transparencia que o bipartito está a incumplir gravemente a Lei de Transparencia despois de venderlle aos veciñ@s que o seu goberno iba a xirar en torno á transparencia.

Para cumprir coa publicidade activa hai que cumprir cos art. 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 da Lei de Transparencia. O Artigo 6, un dos máis destacados e importantes, recolle a Información institucional, organizativa e de planificación, e obriga a incluír un organigrama actualizado que identifique os responsables dos diferentes órganos e o seu perfil e traxectoria profesional.

O Artigo 8 fala sobre a información económica, orzamentaria e estatística incluíndo todos os contratos con indicación do obxecto, algo que non se está a cumprir, xa que nos atopamos con que a última actualización subida o Portal de Transparencia é de Marzo-Abril do 2019, o que supón un grave incumprimento.

O Artigo 9 versa sobre a publicación dos bens inmobles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real, isto tamén se está a incumplir na actualidade.

A lei informa que o incumprimento reiterado das obrigas de publicidade activa reguladas neste capítulo terá a consideración de infracción grave para os efectos de aplicación aos seus responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora. Co goberno popular existía un consello de





transparencia, por certo do que formaba parte AER, e que agora non existe no bipartito actual o que supón outro incumprimento.

No actual portal de transparencia (se se lle pode chamar así xa que de transparente non ten nada):

1. Só hai fotos da Alcaldesa.
2. Non hai retribucións.
3. Non hai gastos de protocolo do goberno.
4. Non hai gastos do persoal de confianza.
5. Non hai informe de incidencias ambientais (a última actualización é de abril de 2.019).
6. A información económica non se actualiza desde maio de 2019.
7. Os informes de PMP trimestrais non hai ningún deste ano.
8. As actas de obras públicas non se publican desde marzo de 2019.
9. Non se actualizaron os informes de absentismo laboral.
10. Está sen actualizar a táboa de contratos.

Dende o grupo municipal do Partido Popular pensamos que seis meses é tempo suficiente para actualizar o portal de transparencia e publicar as declaracións de bens e os salarios da corporación, e máis nos sorprende tendo en conta o punto 8 do acordo de goberno do bipartito que recollía o compromiso de publicar os salarios dos concelleiros tal e como esixe a Lei de Transparencia ademais de publicar os salarios percibidos polos deputados provinciais. Entendemos que a primeira responsable destes incumprimentos é a Tenente Alcalde designada por Aer, Susana Couñago, que ten como a súa área prioritaria a de Participación Cidadá e Transparencia e por suposto a Alcaldesa Digna Rivas que é incapaz de dirixir o equipo.

O goberno de Digna Rivas tamén incumpre o punto 11 do pacto de goberno no que se comprometían á actualización do portal de transparencia. Aínda máis grave resulta o incumprimento dos apartados 12 e 13 do acordo. O primeiro destes puntos fai referencia á obrigaición de que as redes sociais sexan xestionadas por funcionarios públicos, pero actualmente son os responsables políticos os que actualizan a información dos perfís públicos do Concello . Por último, e en contra do asinado polos socios de goberno, existe unha gran opacidade na xestión da documentación municipal. O Partido Popular de Redondela está preocupado pola falta de acceso áxil os expedientes non





dandonos acceso nunca antes dos 5 días preceptivos e en xa demasiadas solicitudes temos que esperar máis deses 5 días.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Popular do Concello de Redondela presenta as seguintes propostas de Acordo:

- 1- Que o goberno nomee de xeito inmediato un funcionario encargado de actualizar todos os datos para cumprir a Lei de Transparencia.
- 2- Que o goberno municipal de acceso de xeito inmediato os expedientes que solicita a oposición.
- 3- A reprobación da Concelleira de Participación Cidadá polo grave incumplimento da Lei de Transparencia.”

#### INTERVENCIÓNS:

A Sra. Amoedo, lee a moción. A día de hoxe as sesións plenarias chegan ata 10 de maio de 2019, faltan as preguntas ao goberno, e teñen na web de transparencia a Susana Cabaleiro coa súa renda, e a Coordinadora de Transparencia tamén coa súa renda. Non están vostedes a facer no seu traballo. Poñer o punto sobre algo que sempre falaban como ser transparentes, dar os expedientes de modo inmediato, todo o que vostedes falaban non é unha realidade. Di que esta é unha moción constructiva.

O Sr. González, responde que pode ser construtiva aínda que polo menos sorprendente. Escoitando a voceira do PP recorda como no anterior mandato pedía sosego, tranquilidade, agora calquera cousa lle vale para entorpecer a relevancia do pleno. O PP non cree na transparencia. Canto tempo dende que estaban no goberno votamos sen consellos parroquiais. Este concelleiro pasaba preguntas ao goberno popular, e non eran respondidas nunca. Impuxeron un silencio informativo aos traballadores do concello, falaban coa boca pequena e mirando para os lados e entón empezouse a pedir por escrito. Javier Bas foi o que impuxo estes criterios. Fala a propia concelleira de persoas de libre designación, daquela se meteu como coordinadora de concelleiros e traballou solo para o PP.

A Sra. Couñago, di que na moción hai unha mestura de argumentos, e confunde a cidadanía e pide por pedir, con datos que non son verdade, como partido con maior representación hai que escoitalo pero non quere dicir que todo o que di sexa verdade ou dálle dereito a esixir o que a lei non regula.

Respecto á reprobación, asume a súa responsabilidade, non se fixo todo o que se tivo que facer, recoñece que hai que facer máis en transparencia. Vostedes son conscientes de que non hai ningún funcionario asignado en transparencia,





se realizou unha xornada de formación a que acudiron máis de 40 persoas. Se firmou un contrato con unha empresa de transparencia e vostedes decidiron que a formación en transparencia lla dera a unha única persoa. Empresa que é coñecida por publicar os items para obter un informe favorable. O contrato se firmou en marzo e en maio foron as eleccións. Foi unha persoa de libre designación a que se encargou a transparencia. O contrato tivo un prezo de máis de 14.000 euros e solicitouse un único orzamento e ademais se contratou a unha persoa de libre designación.

A Sra. Castro, expón que, oposición construtiva foi o seu compromiso cos veciños de Redondela, e que a Sra. Amoedo esqueceu entrar na páxina web do Concello. Tamén están as fotos dos concelleiros ademais da Alcaldesa, están todas as retribucións de todos os concelleiros, gastos do persoal de confianza, mes tras mes, nómina tras nómina, asistencias a plenos, rexistro de intereses, informes de PMP trimestrais, están colgados os informes dos tres primeiros trimestres. Este goberno si está cumprindo coa lei de transparencia. Debía dar un paso a tras e non pedir a reprobación.

Na administración pública solo hai unha forma de acceso ou facer unha trapallada nomeando unha persoa de confianza para facer tarefas propias dun funcionario, xa hai un fallo do xulgado que estima a demanda do seu persoal de confianza e a declara como persoal indefinido.

A Sra. Amoedo, minte máis que fala, eu fálolle do portal de transparencia. Hai unha diferenza da páxina web e o portal de transparencia. Isto está no portal de transparencia do Concello. A coordinadora de transparencia foi nomeada nun proceso selectivo do que AER formou parte.

É unha moción construtiva porque trata de advertirlle que non están cumprindo coa lei de transparencia, e a temos que reprobar porque non cumpre co pacto de investidura.

No pacto se acordou o acceso inmediato aos expedientes e información. Pediu un expediente antes do pleno e contestou Sra. Couñago e dixo que non dependía da súa área. Decidiron sobre os cartos dedicados a transparencia, e o que antes era bo agora é malo, decidiron coller estes gastos para repartir salarios para os concelleiros. Mentres estivemos nos no goberno, o Concello de Redondela foi número un en transparencia.

O Sr. González, está empeñada a voceira do PP en organizarnos a vida os demais. A transparencia é unha cuestión de ideoloxía política e que a cidadanía saiba o que está pasando no Concello e que os que estamos no Concello poidamos ter a información. Eu non teño queixa na solicitude dos expedientes e as consultas máis o menos técnicas aos funcionarios. Meter a reprobación é vendeta política. Teñen que adaptarse que están na oposición e non todo vale.







A Sra. Couñago, contesta que hai que dar tempo os departamentos para que se organicen, que a formación non se puido facer antes. Que non informaron que o concello tamén firmou un convenio coa Xunta de Galicia para a plataforma de transparencia e decidiu contratar unha empresa privada, ou se podía utilizar a plataforma de Xestiona. O concello ten duplicada a información, a web municipal xestionada por funcionarios, e despois dun ano o mantemento é 500 euros ao mes. Respecto a que a documentación debe ser entregada de forma inmediata, antes non se daba con tanta antelación, o secretario decidiu o prazo de cinco días.

A Sra. Castro, fala da falta de respecto por estes membros de goberno e pola Alcaldesa, non podemos permitir que se terxiverse a realidade, é tanto o descaro contratando máis de 30 proxectos á mesma persoa durante dous anos. A empresa de transparencia coñece as teclas que hai que tocar para que os indicadores amosen os valores correctos. Pois moi ben, este goberno cree na transparencia real, e non precisa dunha empresa que lle faga os deberes, porque señora Amoedo para ser transparente so fai falla unha cousa, que as persoas que forman o goberno sexan transparentes, que sexan honestas.

Sexa honesta señora Amoedo e desminta esa noticia que se publica hoxe en Faro de Vigo na que vostede afirma que a oficina de servizos sociais de Chapela estivo pechada 15 días, porque sabe que non é certo.

Honestidade, señora Amoedo, e non culpar a este Goberno de que a Oficina de SS de Redondela estivese baixo mínimos durante a primeira semana de setembro cando foi vostede, Concelleira de Servizos Sociais, a que asinou un cadro de vacacións no que concedía permisos ás dúas administrativas, a coordinadora e a unha das traballadoras sociais.

A Sra. Amoedo, di que en vez de centrarse no meu perfil de Facebook, ten que traballar máis, para vostedes todo son problemas, Saxamonde, Quintela, Negros, o saneamento de Torres de Agrelo, a Sra. Couñago acaba de dicir que é responsable de que non este actualizado o portal de transparencia e vostede segue apoiando. DYNTRA é a primeira plataforma colaborativa para medir as informacións dos gobernos.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, rexeitase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 09 votos a favor do PP e 12 votos en contra (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)





### 5 . 3 Rogos e preguntas.

#### ROGOS:

#### **Rogos formulados polo GPM PP relativa ao a Bandeira Azul na praia de Cesantes (Rex. Entrada 18.12.2019, 2019-E-RPLN-26).**

“Ante a noticia publicada en prensa fai uns días na que se facía saber que o goberno municipal de Redondela, por medio do seu concelleiro de Medio Ambiente, decidía renunciar a Bandeira azul na Praia de Cesantes facendo unhas peregrinas xustificacións tales como: Coste elevado e innecesario, por tratarse dun distintivo comercial e turístico dunha empresa privada que non aporta nada ou mostrando un artigo de prensa do ano 2017 con información sesgada sobre as bandeiras,etc

Dende o Partido Popular entendemos que esta toma de decisións son unha mostra mais da falta de capacidade para traballar, do pouco que lles importa que Redondela figure nos mapas de bandeiras azules que temos por todo o litoral galego e nacional (como ben fai Sanxenxo, Vigo, Coruña, Oleiros.... e ducias de Concellos) e do pouco que coñecen os requisitos de respecto o medio ambiente que esixe ADEAC, así como cuestións de accesibilidade, seguridade, limpeza, etc

Non entendemos tampouco que poñan por diante a cuestión do aforro porque vostedes garantizan a limpeza e calidade das augas, a non ser que aforren en seguridade non contratando socorristas, cousa que vai supoñer un risco cara a cidadanía. Limpeza, retirada de algas e socorristas supoñen o maior gasto na tempada de veran

¿Onde está entón o aforro?

Acaso van renunciar a facer actividades medioambientais en detrimento dunha concienciación y educación medioambiental? Estas partidas son as de menor coste

¿Son conscientes que con esta decisión o museo Meirande deixará tamén de ser considerado punto azul?

Como nada disto nos cadra nin convence, o igual que moitos veciños e veciñas de Redondela e por isto que lles **ROGAMOS**





Deixen de tomar decisións que perxudiquen o conxunto de Redondela a través do Turismo, hostalería, Comercio, entre outros sectores dinamizadores

Xa que son tan partidarios da participación cidadán fagan unha consulta a traves da páxina web do concello de si queren ou non a bandeira azul para Cesantes.”

### INTERVENCIONS:

A Sr. Álvarez, fai lectura do rogo.

### **Rogos formulados polo GPM PP relativa ao Culturgal (Rex. Entrada 18.12.2019, 2019-E-RPLN-25).**

“Dende o pasado 29 de Novembro ata o 1 de Decembro de 2019 celebrábase Culturgal no Pazo da Cultura de Pontevedra. A Feira da actividade cultural en Galicia onde o Concello de Redondela tivo visibilidade a lo menos dende fai catro anos promovido pola concelleira de Cultura Teresa París.

En cambio este ano 2019 con este goberno de esquerdas, o Concello de Redondela non estivo presente, co seu propio Stand, neste evento tan importante tendo en conta que Redondela é un dos concellos que máis cultura histórica posúe de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, e que por él pasa o Camiño de Santiago Portugués e o da Costa, que tanto crecemento están obtendo dende fai uns anos.

Por todo isto, a concelleira que suscribe, en nome do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta á Alcaldesa Digna Rivas e ao Concelleiro de Cultura Daniel Boulosa no Pleno ordinario de 19 de Decembro de 2019 o seguinte

### **ROGO:**

Que o próximo ano 2020 o Concello de Redondela teña visibilidade na Feira Cultugal co seu propio Stand para promover as festas con Declaración de Interés Turístico Autonómico , o desenvolvemento do camiño de Santiago xunto coas actividades que conleva e polo tanto un retorno económico para os hostaleiros e empresarios de Redondela.”





A Sra. Salomón, fai lectura do rogo.

A Sra Alcaldesa, felicitala porque concretou vostede o rogo, a ver si aprenden os seus compañeiros e compañeiras.

### **Rogos formulados polo GPM PP relativa as axudas por violencia de xénero (Rex. Entrada 18.12.2019, 2019-E-RPLN-26).**

“Que non se discrimine as mulleres de Redondela vítimas de Violencia de xenero , negandolle a oportunidade de incorporarse o mundo laboral.

No mes de xullo e novembro o Concello de Redondela tivo a oportunidade de optar a dúas liñas de subvencion da Xunta de Galicia a través da Secretaria Xeral de Igualdade con unha liña de presuposto de 1,6 millóns de euros. Con estas Subvencións tiñamos Dereito a optar o programa de Inserción que ten como obxectivo apoiar as victimas na súa inserción laboral, e así favorecer a súa recuperación integral e independencia económica, acadando así maior autonomía .

Para beneficiarse destas axudas e así achegar así a axuda a estas mulleres, so tiñan que solicitalo e en ningunha das dúas ocasións se fixo.

Rogamos que non se descrimine as mulleres de Redondela victimas de violencia de xénero. Pídlle a maior das sensibilidades nesta área.

Xa que Concellos de distinta cor política como Mos, Fornelos de Montes, Ponteareas, o Barco de Valdeorras, Verin, Allarizetc, etc, si as solicitaron e deron unha boa oportunidade as mulleres vítimas de violencia de xénero.”

### **INTERVENCIÓNS:**

A Sra. Bastos, fai lectura do rogo.

A Sra Alcaldesa, di que hai liñas que non se deben cruzar como na violencia de xénero, que hai un informe da técnica do CIM que explica como foi o tema das subvencións. Que Teresa París, a anterior concelleira se reuniu co secretario, co interventor, coa técnica, e xa tiña pleno coñecemento do problema. Poden mentir, lle parece unha falta de respecto. Está a disposición o informe. Pode ir a técnica e o CIM cando queiran.





Bo Nadal e felices festas.

E sendo as once horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcadesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

